

**NOTA INFORMATIVA**  
**AXENDA**

**Martes 16**

**10.30 h.**

**Programa Vivir Santiago**

*Visita didáctica ás Dependencias da Policía Local*

Participarán un grupo de 50 escolares de educación infantil do Colexio Nosa Sra. Dos Remedios  
Lugar: instalacións da Policía Local (baixos de Raxoi).

*Visita didáctica á Praza de Abastos*

Participarán un grupo de 20 escolares de educación infantil do Colexio Peleteiro  
Punto de encontro co grupo: Igrexa de San Fiz (ao lado do mercado)

**11.00 h.**

Na Casa do Concello, a concelleira de Muller, Adelaida Negreira, recibe a representantes da Asociación Sociocultural de Mulleres de Romo "Gizatiar", procedentes do municipio vasco de Getxo. Esta asociación estará hoxe en Santiago co obxectivo de coñecer e aproximarse ás políticas de igualdade que se están a levar a cabo dende o Concello de Santiago e tamén poder compartir experiencias e información con outras asociacións e colectivos da muller da cidade.

**12.30 h.**

Na Casa do Concello, **ROLDA DE PRENSA** da concelleira de Sanidade, Elvira Cienfuegos, para presentar o Programa Conductor Alternativo. No acto estará tamén Sonia Marco, responsábel deste programa que organiza a Fundación Alcohol y Sociedad en colaboración co Concello de Santiago.

**12.45 h.**

Nas oficinas do Servizo Municipal de Deportes, en San Lázaro, presentación da II Edición do Campus de Verán do A. Lobelle de Santiago. Na **ROLDA DE PRENSA** estarán o concelleiro de Deportes, Manuel Portas, José Antonio Lobelle, presidente do Clube; Tomás de Dios, director do Campus e Milagros Lantes, Delegada na Provincia da Coruña da Consellería de Cultura e Deportes.

**19.00 h.**

O alcalde compostelán, Xosé A. Sánchez Bugallo, asiste á inauguración da nova sede de Caja Mediterránea en Santiago (Rúa do Hórreo 33).

**20.30 h.**

No Centro Sociocultural "Aurelio Aguirre" de Conxo, inauguración da exposición de pintura do colectivo Sapoconcho "Mozart".

**Santiago de Compostela, 15 de maio de 2006**